

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Capítulo:	

Orde do 3 de xullo de 2015 pola que se complementa a Orde do 3 de xuño de 2011, modificada pola Orde do 23 de xuño de 2014, pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional e se establece o procedemento de habilitación.

TEXTO:

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de mellora da calidade educativa, dá unha nova configuración ao currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato. Como resultado das modificacións desaparecen do currículo ou cambian de denominación algunhas materias e introdúcense outras novas.

Sen prexuízo de que as persoas que o desexen deberán solicitar a correspondente habilitación de acordo coa normativa vixente e nos prazos establecidos no apartado décimo cuarto da Orde do 3 de xuño de 2011, resulta oportuno habilitar, de oficio, nas novas materias a aquelas persoas que xa posúen algunha resolución de habilitación de acordo coas correspondencias que se relacionan no anexo II, así como incorporar a tecnoloxía entre as habilitacións que permiten impartir o bloque de ciencias aplicadas da formación profesional básica.

Na súa virtude, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro. *O epígrafe 2 do apartado noveno da Orde do 3 de xuño de 2011 queda redactado como segue:*

“2. O bloque de Ciencias Aplicadas será impartido por persoal que reúna os requisitos para ser habilitado para impartir unha das seguintes materias: Matemáticas, Física, Química, Física e Química, Bioloxía, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía.

Segundo. *O apartado sexto da Orde do 3 de xuño de 2011 queda redactado como segue:*

Sexto. Condicións de formación para impartir módulos profesionais correspondentes á formación profesional do sistema educativo.

1. As titulacións esixidas para obter a habilitación para impartir os módulos profesionais de ciclos de formación profesional do sistema educativo son as que para cada módulo se establecen no real decreto polo que se aproba o correspondente título.

Cando a titulación esixida sexa xenérica deberá cumprirse algún dos seguintes requisitos:

— Que as ensinanzas conducentes á titulación alegada engloben todos os resultados de aprendizaxe do módulo profesional.

— Que se acredite unha experiencia profesional, habitual e remunerada de, polo menos, tres anos, realizados durante os quince anteriores á solicitude, en ocupacións que inclúan o desenvolvemento de actividades produtivas, distintas da docencia, que comprendan as realizacións profesionais asociadas con todos os resultados de aprendizaxe do módulo solicitado. A experiencia laboral será acreditada mediante Informe de Vida Laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e certificado das entidades onde se prestaran servizos laborais, recollendo as ocupacións realizadas. Poderá presentarse en substitución do certificado da entidade, contrato de traballo que recolla as ocupacións do seu obxecto e no caso de entidades extinguidas, declaración responsable sobre as entidades e ocupacións desenvolvidas. Para identificar as ocupacións será empregada a Clasificación Nacional de Ocupacións 2011 publicada polo Instituto Nacional de Estatística.

— No caso de traballadores por conta propia, acreditarase experiencia profesional desenvolvida de xeito habitual de, polo menos tres anos, realizados durante os quince anteriores á solicitude, en ocupacións análogas ás indicadas no apartado anterior, para o que se achegará xunto co Informe de Vida Laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, certificación sobre o Imposto de Actividades Económicas ou autorización para a consulta dos datos a través do nodo de interoperabilidade da Xunta de Galicia.

— No caso de módulos profesionais correspondentes a ciclos de formación profesional básica, que se acredite unha experiencia docente no sistema educativo de, polo menos, tres cursos académicos impartindo módulos de ensinanzas vinculadas ao módulo solicitado. A vinculación virá determinada pola inclusión de ambos módulos en ofertas formativas pertencentes á mesma familia profesional. Tamén existirá vinculación cando ambos módulos estean atribuídos á mesma especialidade de profesorado.

2. Para solicitar a habilitación para impartir formación profesional deberá acreditarse a oferta de traballo dun centro privado da Comunidade Autónoma de Galicia ou solicitala para un módulo profesional que se estea a impartir no centro educativo no que se presta servizos.

Terceiro. *O apartado décimo segundo da Orde do 3 de xuño de 2011 queda redactado como segue:*

Décimo segundo. Requisito de coñecemento da lingua galega.

O profesorado para exercer a docencia nos centros pertencentes ao ámbito de aplicación desta orde deberá estar en posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento de lingua galega, nivel avanzado da Escola Oficial de Idiomas ou outros estudos declarados equivalentes.

Cuarto. *Engádesse unha nova disposición adicional sétima coa seguinte redacción:*

Habilitación de oficio

1. As persoas habilitadas para impartir docencia nos centros privados nas materias LOE serán habilitadas, de oficio, nas novas materias da Educación Secundaria Obrigatoria e/ou do bacharelato LOMCE, segundo as correspondencias que se relacionan no anexo I da presente orde.
2. Cando a habilitación que se posúa sexa para centro e materia, ou para unha etapa educativa, a nova habilitación manterá as mesmas condicións.

Disposición derradeira primeira. Autorización de desenvolvemento.

Autorízase ó director xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar as disposicións que sexan necesarias para a execución e desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2015

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Román Rodríguez González

INSÍRASE NO DOG

ANEXO I

<i>Habilitacións LOE</i>	<i>Nivel</i>	<i>Habilitacións LOMCE</i>	<i>Nivel</i>
Biología	BTO	Cultura científica	ESO/BTO
Biología	BTO	Ciencias aplicadas á actividade profesional	ESO
Biología e xeoloxía	ESO/BTO	Cultura científica	ESO/BTO
Biología e xeoloxía	ESO/BTO	Ciencias aplicadas á actividade profesional	ESO
Ciencias da natureza(1)	ESO	Biología xeoloxía de primeiro de ESO Física e química de segundo de ESO	1º e 2º de ESO
Ciencias da terra e medio ambientais	BTO	Ciencias da terra e do medio ambiente	BTO
Ciencias sociais, xeografía e historia	ESO	Xeografía e historia Valores éticos	ESO
Ciencias sociais, xeografía e historia	ESO	Iniciación á actividade emprendedora e empresarial	ESO
Debuxo artístico	BTO	Educación plástica, visual e audiovisual	ESO
Debuxo artístico	BTO	Fundamentos da arte I e II	BTO
Debuxo técnico	BTO	Educación plástica, visual e audiovisual	ESO
Debuxo técnico	BTO	Fundamentos da arte I e II	BTO
Economía Economía da empresa	BTO	Iniciación á actividade emprendedora e empresarial	ESO
Economía Economía da empresa	BTO	Fundamentos de administración e xestión	BTO
Educación plástica e visual	ESO	Educación plástica, visual e audiovisual	ESO
Filosofía e cidadanía	BTO	Filosofía	ESO/BTO
Filosofía e cidadanía	BTO	Valores éticos	ESO
Filosofía e cidadanía	BTO	Psicoloxía	BTO
Física	BTO	Cultura científica	ESO/BTO
Física	BTO	Ciencias aplicadas á actividade profesional	ESO
Física e química	ESO/BTO	Cultura científica	ESO/BTO
Física e química	ESO/BTO	Ciencias aplicadas á actividade profesional	ESO
Informática	ESO	Tecnoloxías da información e da comunicación	ESO
Lingua castelá e literatura	ESO/BTO	Artes escénicas e danza	ESO
Lingua castelá e literatura	ESO/BTO	Artes escénicas	BTO
Lingua galega e literatura	ESO/BTO	Artes escénicas e danza	ESO
Lingua galega e literatura	ESO/BTO	Artes escénicas	BTO
Matemáticas	ESO/BTO	Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas	ESO
Música	ESO	Artes escénicas e danza	ESO
Química	BTO	Cultura científica	ESO/BTO
Química	BTO	Ciencias aplicadas á actividade profesional	ESO
Tecnoloxía	ESO	Imaxe e son	BTO
Tecnoloxías	ESO	Tecnoloxía	ESO

(1) Aplicable unicamente aos mestres habilitados para o primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria.